

MEDIDAS DE AFORRO ENERXÉTICO

O martes 2 de agosto publicouse o RDL 14/2022 con varias medidas entre elas as de aforro enerxético, e dada a súa extensión de 83 páxinas vamos enunciar só as principais, e vostedes terán que consultar cas asociacións e profesionais do sector correspondentes para levalas a cabo. Unhas entran en vigor o martes 9 e outras o 30 de setembro:

1º.- A temperatura do aire nos recintos calefactados < 19ºC, con humidade entre 30% e 70%.

2º.-A temperatura do aire nos recintos refrixerados > 27ºC, con humidade entre 30% e 70%.

3º.-Mostraz cartaces ou pantallas destas medidas de aforro.

4º.-Apagar luces de escaparates e de edificios públicos desocupados a partir das 22:00 horas.

5º.-Instalar peches automáticos de portas antes do 30 de setembro.

6º.-Adiantar inspeccións de eficiencia enerxética en edificios obrigados ao 31-12 aqueles que a fixeron antes do 31-12-2020.

7º.-Gratuidade dos títulos multivixes de trens de cercanías operados por Renfe ata o 31 de decembro.

8º.-Reducir 50% títulos servizos Avant e novos abonos servizos comerciais de alta velocidade.

9.-Transporte por estradas: novas axudas como as anteriores e obrigatoriedade de asinar contratos por escrito nunhos requisitos determinados.

10.-Excepcións a estas normas: en temperatura as cociñas de Restaurantes, as habitacións dos hoteis, os hospitais, centros educativos, perruquerías, ximnasios, lavanderías e nos

transportes públicos de avións, trens e barcos. Así como nos demais lugares que estén regulados especificamente.